


XOGO DE BOLOS DE PARADA DO SIL. Ourense

DIFUSION DA RECOLLEITA DE XOGO TRADICIONAL DE PARADA DO SIL

“UN CONTO DE MESTRES”



O CONTO DO XOGO E OS MESTRES EN PARADA DE SIL

-Conta Jose Luis, mestre, hoxe xa en Cantabria xubilado, que se deixou de xogar á Renca (ou Reca) (chamada tamén Porca¹ no País) o mesmo día que el tendo 12 anos recibiu un golpe na cara co pau cando un brutolas lle tentaba meter a porca defendendo o seu guá. O mestre prohibiuno solemnemente. O mestre era tamén o alcalde. Eran xogos de nenos, no patio da escola.

José Luis de pequeno escoitaba o balbordo dos maiores xogando aos bolos en Fondodevila :

-- Cuchou, cuchou, cuchou!

Berraban con mofa e befa os asistentes, porque a bola non chegara á liña do Belbas.

Jose Luis é de Parada, cabeceira de Parada do Sil. O xogo de bolos podémoslle chamar agora de Parada de Sil, porque é o termo municipal no que se segue a xogar, segundo sabemos.

¹ Nesta comarca, aos porcos chámase "rellos" tamén.

Polos anos 90s, Jose Luis, Pepe dos Taborelas, Senén o da taberna, Chano, Celso e outros reuniron aos vellos² que sabían xogar aos bolos e propuxeron unhas regras antes de que se esqueceran, e isto foi asumido polo pobo e se publicaron na web da Asociación Ouro do Sil³ --o vello teleclub creado polo cura Xose Manuel Novoa e unha mestra catalana xubilada, Rosa Pons⁴--.

O xogo nos 90s seguía xogándose nunha das prazas do pobo chamada O curtiñeiro, arranxada con cantería, o que achicou o terreo de xogo. Viñase xogando sempre na fin de semana da festa de San Ramón e previos, a fins de agosto.

O curioso é que a xente de Parada, os vellos, Juanito e seu irmán David, Amadeo, Tin de Fondodevila... non lembran se se xogaba noutros pobos, apenas a 2 ou 3 kilómetros, ou só notician que se xogou nas festas deses pobos, pero só últimamente.

Eu, fillo dunha mestra moza de Caxide, a 2 kilómetros da cabeceira do concello, teño unha historia que contar.

Sendo eu mocíño, nos principios dos 80s cando ía a axudar a recoller a herba seca nos veráns acudía despois da faena á xogata dos bolos na Carreiriña. A ver xogar, pois os bolos non eran cousa de cativos, será porque a bola pesa bastante para levala dunha pasada máis alá do Belbas, será "por se lle facemos dano a alguén". Porque logo de volta aínda se trae, pero de ida se a bola tropeza nos bolos e non chegas ao Belbas, recibes a sonora abourada "cuchou, cuchou, cuchou!", e demostras non ter brazo. Os rapaciños só podiamos colocar os bolos no sitio, como se fixo dende que se xoga. Os bolos son xogo de xente maior. E maior, a ver quen lle di que non é maior a un de 15... Un día do comezo do verán de 1975, o señor Fabriciano, o señor Paco, o Manolo de Alende, Pepe, sentados no pau que fai de banco onde a fonte e pilón de lavar de Caxide lembraron como se xogaba aos bolos e o ben que se pasaba, na Carreiriña. Manolo, como era de Parada, e familia de campeóns, seguiullo inculcando aos seus fillos, que seguen a ser a familia dos campeóns na comarca.

Ese grupete de mozos de 14 a 18, sobriños e fillos destes señores (Jose Carlos, aquilino, Jose Angel...) axudaron a rozar a Carreiriña, pasáronlle un pisón de bidón, foron por sábreo á canteira, e cun tractor Pascuali do señor José dos primeiros do pobo baixaron a arranxar o campo, nun camiño que aínda hoxe está marcado no SIXPAC. Ao principio só xogaban os maiores, señores de 50-60 anos, e logo de seguido empezaron os seus pequenos. Que son os que eu vin xogar. Non se xogara dende había 20 anos (parece acordado que coas primeiras emigracións dos 50s, 60s a xente non estaba xa para xogar) e esta xeración de mozos puxéronse a xogar ao xogo con total entrega, ao mesmo tempo que facían carrilanas na estrada que remata no fondo do pobo nunha curvaza enriba da ponte, ou xogaban ao sempiterno fútbol, do que Caxide tiña os mellores xogadores da comarca (esto pode ser partidismo, e perdonen), ou facían muiños de auga con paus cando ían tornar a auga.

Esta fase de recuperación do xogo é espontánea, sen reflexión nin didáctica. Uns mozos, que sabían segar a herba, empuñar un machado ou tanguer vacas, ao mesmo tempo que empezaban a estudar Metal ou Enxeñería ou Dereito, xogaban como viron xogar ao señor Fabriciano, ao que agardaban vir de xogar a partida de Parada, para botarlle un pé. Pasou de pais a fillos, simple e directamente, coma durante centos de miles de anos se pasa a cultura e o patrimonio.

Desátase daquela nos primeiros 80s unha furia de torneos de bolos no termo municipal de Parada, e vaise xogar aquí e alá (Valdemiotos, Teimende, A Miranda...). Din os

2 Aínda vivos no 2011 e por moitos anos Juanito e seu irmán David, Manolo de Alende, Amadeo...

3 Web da asociación, onde se pode atopar información de actividades e dos Bolos www.ourosil.org

4 "Rosa pons fábregas, unha mestra europea en Parada de sil", de Xose Manuel Cid.

maior domos das festas que “era para recaudar, a xente xa xogaba”.

A festa de Caxide recupérase en 1986, e o sábado xógase aos bolos. E dende aquela, tódolos sábados do 1º domingo de agosto celébrase o Santo Domingo xogando aos bolos. Pero non se xoga máis ca nesa data, ou esporádicamente. Só en Parada e Caxide se xoga xa nos finais dos 80s e 90s. Tamén na Miranda (pola virxe de Trigoás, o máis amplo e vizoso dos miradores da Ribeira Sacra) e Teimende. Incluso practicaban unha semana antes, porque eran vacacións, e xa non estaba o tino tan atinado. Todos os pobos están a 2-3 kilómetros uns dos outros, nun dos concellos máis pequenos do País Galego. Pero apenas sabían se se xogaba nun sitio ou noutro.

Un mestre arredor do ano 1955 prohibe un xogo que se xoga en todo o noroeste peninsular --a porca--, e queda vivo, a ratos coma a nacencia dun río, durante 40 anos, un xogo único na súa sinxeleza como é o xogo de bolos de Parada do Sil.

Unha moza de Caxide⁵, estudando para mestra escribe uns versos en mil novecentos e trinta:

“Carreiriña tan gallarda ,
por tu gracia y tu belleza
eres lugar preferido
de los mozos de mi aldea.

Los domingos y festivos
en cuanto acaba la misa
suben corriendo la cuesta
para jugar la partida.

¡Cuanta emoción! cuantas risas!
hay hecha, noble contienda,
nunca se enfadan en serio,
compiten , mas con nobleza.

Se termina la jugada,
la gente al pueblo regresa,
y los bolos en la caja
descansan tras la pelea.

Y es que el juego de los bolos
distintivo de mi aldea
tan solo en la Carreiriña
tienen toda su belleza.

Pasou de pais a fillos, de nais a fillos, de xeración en xeración, e aínda pervive. Por eso o consideramos un Patrimonio

⁵ Claudina Rodicio Pérez, foi mestra en Estremadura, pero nativa de Caxide pasaba os veráns e moito do seu tempo en Caxide coa súa familia.

MISCELÁNEA E GLOSARIO DO XOGO

A MULLER

En Caxide non estaba ben visto que as mozas fosen ver xogar aos bolos. A Carreiriña está algo tapada, como a 100 metros do pobo, nun altiño suave. En cambio na cabeceira do concello, en Parada, con casas de costureiras, tabernas, comercios, carpinteiros, non se facía distinción coas mociñas. Inma, a filla de Senén, que foi zoqueiro e taberneiro, e un dos maiores impulsores do xogo nos 80s e 90s, recentemente e tristemente falecido, xogaba aos bolos cos mozos nestes anos.

O ABACO DE CONTAR

Os puntos aos que se xoga, que son 50 (25 de "Malas", e 25 de "Boas", porque son a metade que serve para cambiar de bola, dado que son lixeiramente diferentes as dúas coas que se xoga) lévanse cun rudimentario ábaco de aramios nun bastidor Parece ser que fora un mestre nos vellos vellos tempos o que o propuxera, para que os nenos aprendesen a empregalo.

A XIRIA DOS AFIADORES DEIXOU PEGADA

Nestas terras de quincalleiros, afiadores e ambulantes da media montaña ourensán (que nos chaman Afiadores), falaban unha xiria ambulante chamada Barallete⁶. O bolo que está ao fondo, como a 20 pasos do grupo de bolos dende os que se tira chámase Belbas. É un pouco máis grande, e vale 4, por eso nalgúns sitios chámalle directamente “o Catro”. Pero en Parada e Caxide chamáronlle sempre Belbas. Se non chegas á liña marcada por el, non vale a túa xogada, anque teñas derrubado 2, 3 ou 4 bolos. Pois ben, "Belbas" na xiria críptica do Barallete significa “Garda Civil”. E no xogo de baralla, por exemplo o tute, Belbas é referencia do As, sexa de bastos, ou o de trunfo.

PALABRA PROPIA

E máis sorprendente aínda é a orixe doutra verba empregada. Se non se chega coa bola ata o Belbas a xente bérache “cuchou, cuchou, cuchou!”. A bola queda dando voltas polo campo alí no medio tirada. Cuchar indícase cando por exemplo unha vaca das que tiran do carro quédase atrás, non tira, ou non chega ao fondo do rego. Só temos atopado no Dicionario de Estravís⁷ referencia parecida a esta palabra, pero non na da RAG. Si pode haber algo parecido en lingua Asturiana⁸. Tamén se cita esta expresión no estudo etnográfico de principios do século XX, La Aldea Gallega⁹, sobre Viana do Bolo, para un xogo de bolos diferente.

A LIÑA DE SAIDA ERA VARIABLE A CONVIR

Para sortear a quen empeza o tradicional era: “Man, bola e pate”, e tirábase un bolo ao aire, e pedíase “pico ou plano”. Quen gañaba escollía a Man (empezar), ou a bola (grande ou pequena). O Pate é a liña dende a que se pode tirar aos bolos. Pode ser apenas a 1 metro deles --dun grupo de 9, dispostos en diamante algo abombado, de esquerda a dereita 1-2-3-2-1, ---, ou a 10 metros, o que complicaba a tirada ou facilitábaa segundo o brazo do tirador e dos contrincantes. Podemos dicir que case que se perde unha condición do xogo, simplemente pola falta de uso, ¿ou será por falta de brazo?

A importancia dos mestres e mestras nos xogos que aprenden e practica seu alumnado.
A importancia de xogar porque si. A importancia de seguir xogando.

6 Na Web <http://gallegosporelundo.wordpress.com/2010/01/16/barallete/>

7 <http://www.estraviz.org/cuchar> “non ser capaz de gardar un segredo”

8 No Dicionario de Lingua Asturiana, Cuchar é estercar.

9 La Aldea Gallega, de Nicolás Tenorio. Consulta na web : http://www.ezaroediciones.com/wp-content/uploads/2008/01/15-g1_la-aldea-gallega.pdf